

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Secretaría

Anuncio: Aprobación das Bases do XI Concurso de Fotografía “Cidade de Narón”

Anuncio: Aprobación das Bases do XI Concurso de Fotografía “Cidade de Narón”

Este Alcalde accidental, por resolución de data 24 de agosto de 2020, aprobou as Bases do XI Concurso de Fotografía “Cidade de Narón”, nos seguintes termos:

1. ANTECEDENTES

A Concellería de Turismo do Concello de Narón convoca, como cada ano, o Concurso de Fotografía “Cidade de Narón”, que no 2020 acada a súa undécima edición, coas condicións e características recollidas nestas Bases.

2. PARTICIPANTES

O concurso é gratuïto e está aberto a toda persoa maior de idade.

3. TEMÁTICA

Cada fotografía presentada deberá mostrar a riqueza de Narón, en calquera dos seguintes campos:

- Riqueza humana e social no ámbito veciñal, deportivo, industrial, en festas populares, etc.
- Espazos naturais de interese, de lecer, culturais e tecnolóxicos.
- Patrimonio monumental, arqueolóxico e etnográfico.

É obrigatorio que o lugar ou entorno sexa do Concello de Narón e como tal sexa recoñecible. Non se admitirán aquelas fotografías que non cumpran este requisito.

4. NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DAS IMAXES

Cada concursante poderá presentar un máximo de 3 fotografías en cor ou branco e negro coas seguintes características:

- O soporte será obrigatoriamente dixital. As fotografías deberán ter unha resolución mínima de 1024 x 768 px., e os formatos admitidos serán JPG, TIFF e PNG.
- Cada fotografía debe levar un título como nome de arquivo.
- Quedarán excluídas as fotografías con importantes retoques ou alteracións manuais ou dixitais.
- Poderán opcionalmente presentarse en formato papel, cun tamaño mínimo de 20 x 25 cm. e máximo de 30 x 45 cm. Isto non exime da obrigatoriedade de presentar as fotografías en soporte dixital.

5. FORMA DE PRESENTACIÓN

As fotografías presentaranse en forma de plica, do seguinte xeito:

- Nun sobre grande escribirase exclusivamente de forma visible: “XI Concurso de Fotografía Cidade de Narón”, e un pseudónimo libremente elixido polo autor, coa única condición de que non permita que este sexa facilmente identificable.
- No interior deste sobre incluírase un CD que conteña exclusivamente as fotografías presentadas co seu título como nome do arquivo. Estes nomes, así como o pseudónimo, figurarán tamén visibles na carátula do CD.
- Xunto ao CD, no interior do sobre grande incluírase un sobre pequeno co pseudónimo escrito no seu exterior. No interior deste sobre introducirase unha folla cos seguintes datos:
- Pseudónimo, nome, apelidos, NIF, dirección completa, teléfono e correo electrónico do autor.
- Título das fotografías, cunha breve explicación do lugar e data na que foi realizada.
- Declaración responsable asinada comprensiva da aceptación destas Bases, da autoría, orixinalidade e inexistencia de premios das fotografías presentadas, e da cesión das mesmas ao Concello de Narón para seren utilizadas en

carteis, calendarios, exposicións, folletos e publicidade e propaganda do Concello, sen dereito a indemnización algunha por este feito.

- Así mesmo, no interior do sobre grande incluíranse opcionalmente as fotografías en papel co título e o pseudónimo escritos na parte traseira.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

O lugar de presentación será o rexistro da Casa do Concello (Praza de Galicia, s/n, CP 15570, Narón), entre as 8:30 h. do día 14/09/2020 ata as 13:00 h. do 25/09/2020. Para poder garantir o anonimato dos participantes, non se entregará xustificante algún da entrega dos sobres. Ao remate do prazo de presentación establecido, publicarase na web do Concello o listado de pseudónimos participantes no concurso.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado poderá outorgar un máximo de 30 puntos a cada unha das fotografías, de acordo cos seguintes criterios:

- Polo impacto visual: ata 10 puntos:

Sensación que se percibe ao observar a imaxe por primeira vez, atraendo a atención sobre as demais ou evocando algún tipo de sentimento.

- Pola calidade técnica-artística: ata 10 puntos:

Foco, nitidez, balance de cores, iluminación, composición, exposición e presentación.

- Pola creatividade: ata 10 puntos:

Orixinalidade en canto ao tema, destacando aspectos non tratados habitualmente neste concurso, ou en canto ao modo de presentalo, achegándose ao mesmo dunha maneira diferente á usual.

8. COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará formado por profesionais da fotografía de empresas e/ou medios de comunicación do entorno naronés, así como por un representante do Concello. A composición exacta do xurado darase a coñecer con suficiente antelación ao fallo do concurso a través da web municipal.

9. FUNCIONAMENTO DO CONCURSO

Finalizado o prazo de presentación e desde o departamento de Turismo do Concello, descargaranse todas as fotografías presentadas e comprobarase que os participantes achegaran toda a información requirida no punto 5 (FORMA DE PRESENTACIÓN), aceptándose só aquelas fotografías dos participantes que cumpran este deber.

O xurado, en día e hora que se anunciará igualmente na web municipal, visualizará as imaxes aceptadas, descartando aquelas que incumplan o requisito sinalado no punto 3 (TEMÁTICA), sobre a obrigatoriedade de que o lugar ou entorno sexa do Concello de Narón e como tal sexa recoñecible.

Sobre as fotografías restantes realizarase unha preselección de, polo menos, 12 imaxes, que serán analizadas minuciosamente e valoradas segundo os criterios do punto 7, e cuxa puntuación aparecerá no acta confeccionada ao efecto e que se fará pública na web municipal.

10. PREMIOS

Establécense os seguintes premios, que poderán ser declarados desertos e estarán suxeitos ao disposto na lexislación fiscal vixente no momento da concesión:

- 1º Premio..... 750 €
- 2º Premio..... 300 €
- 3º Premio..... 150 €

Ningún concursante poderá ser premiado por máis dunha fotografía que presente ao concurso.

Os premios serán entregados simbolicamente nun acto público en data e lugar que se dará a coñecer con suficiente antelación, sen prexuízo de que nos días seguintes ao acto se realice o efectivo ingreso do premio na conta bancaria do beneficiario.

11. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLOS PREMIADOS

Cada concursante que resulte premiado deberá achegar a seguinte documentación:

- Copia do DNI, no caso de non estar esta xa en posesión do Concello.

- Declaración responsable na que conste que non está incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que está ao corrente das súas obrigas tributarias (Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Narón) e fronte á Seguridade Social, e que non é debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención.
- Ficha bancaria cos datos da conta na que se realizará o ingreso, no caso de non estar esta xa en posesión do Concello.
- Modelo 145 de Facenda (Comunicación de datos ao pagador).

12. INTERPRETACIÓN

O Concello de Narón resérvase a facultade decisoria no caso de controversia á hora de interpretar estas Bases.

13. PUBLICACIÓN

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

14. INFORMACIÓN ADICIONAL

Establécense os seguintes medios para a obtención de calquera información adicional:

- Correo electrónico: am.veiga@naron.es
- Teléfono: 981337700 (ext. 1502)

En Narón, a 24 de agosto de 2020

O Alcalde-accidental

Guillermo Sánchez Fojo

2020/5921